



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DOTACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución do subministro de DOTACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS, incluído dentro da subvención da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, ó amparo da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018.

2.- Xustificación da necesidade do contrato.

A xustificación da necesidade do contrato se basea nos puntos que se detallan a continuación:

2.1. O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que cualifica como competencia propia do municipio a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

2.2. O subministro obxecto deste expediente de contratación é necesario para a posta en funcionamento do edificio de usos náutico-deportivos recepcionado polo Concello a finais do ano pasado.

3.- Insuficiencia de medios.

Este Concello non dispón dos suficientes medios persoais e técnicos para a execución do subministro.

4.- Xustificación do procedemento empregado.

De conformidade co artigo 159 da Lei de Contratos do Sector Público o procedemento de adxudicación será o aberto simplificado, garantindo a máxima igualdade e concorrencia no proceso de licitación.

5.- División en lotes.

Dada a característica do contrato se precisa a división do mesmo en dous lotes.

LOTE Nº 1: MOBILIARIO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

Comprende:

Zona de Piragüismo:

- Estanterías para estibar as piragüas.
- Estrutura metálica para habilitar un altillo.

Zona de Dornas a Vela:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Estanterías para estibar as dornas a vela.

Zona común:

- Moble recibidor.
- Tornos.
- Taquillas.

Vestiaros:

- Bancos.
- Biombos.

LOTE Nº 2: EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

Comprende a maquinaria para a posta en funcionamento do ximnasio segundo a relación que figura na memoria explicativa.

6.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O subministro finánciase ca achega de Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, ó amparo da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018., por importe de 40.000,00 euros, sendo a aportación do Concello de 62.891,99 euros, que xa figura consignado no orzamento municipal 2018.

A presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

7.- Utilización de medios electrónicos.

En base ó disposto no apartado 3 da disposición adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada Disposición Adicional. Non obstante, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas en determinados supostos.

Para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación de ofertas empregando medios electrónicos, ao non dispoñer o órgano de contratación de equipos ofimáticos especializados.

8.- Publicación.

De acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presente memoria deberase publicar no perfil do contratante desta Administración.

Na Illa de Arousa.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

O ALCALDE

Asdo. Carlos Iglesias Cores